

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------|-----------|---------------|
| 36020258 | IES Nº 1 | A Estrada | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obligatoria | Filosofía | 4º ESO | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 13 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 14 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 14 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 14 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 15 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 16 |
| 7.2. Actividades complementarias | 17 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 17 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 18 |
| 9. Outros apartados | 18 |

1. Introdución

A materia de filosofía é unha optativa no curso de 4º da ESO. Se presenta como unha introdución práctica aos problemas filosóficos do ser humano.

Sendo unha optativa ao final da ESO a materia introduce ao alumnado na radicalidade crítica da filosofía cunha perspectiva práctica.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---------|----|------|-------|-------|-------|----|------|
| OBX1 - Buscar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso das mesmas, e o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, para xerar e transmitir xuízos e teses persoais, e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica. | 1-2-3 | 1 | 1 | 1-3 | 4 | 3 | 3 | |
| OBX2 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática. | 1-5 | | 1 | | 3 | 2-3 | | 1-3 |
| OBX3 - Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación aos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das más importantes pensadoras e pensadores. | 2-5 | | | | | 1-2-3 | | 2 |
| OBX4 - Comprender e analizar a personalidade humana, establecendo unha aproximación aos estudos da mente e da neurociencia, e vendo as implicacións da motivación, da afectividade e das emocións na súa conformación, a través da investigación e do diálogo entre a filosofía e a ciencia, para comprender e construír discursos sobre a reflexión filosófica acerca do ser humano ao longo da historia do pensamento. | 1-2-3-5 | 1 | 2-5 | 1-2-5 | 3 | 1-3 | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX5 - Coñecer e comprender os conceptos e estruturas básicos da cultura, a sociedade e a socialización reflexionando, en común, sobre a natureza cultural e social do ser humano, oralmente e por escrito, cunha actitude crítica, sendo empáticos, equitativos, mantendo un espírito construtivo e valorando o enriquecemento cultural que supón coñecer as aportacións culturais diversas. | 1-2-3-5 | 3 | 5 | 3 | 3-4 | 1-2-3-4 | | 1 |
| OBX6 - Adquirir unha visión global da racionalidade humana como característica que nos distingue e nos permite situarnos e orientarnos no mundo, comprendendo e analizando as principais teses filosóficas sobre a capacidade que ten a racionalidade de fornecernos dun coñecemento axeitado do mundo, e valorando o ideal de verdade que perseguen as investigacións teóricas e sérvelles de guía aos nosos afáns prácticos, para fortalecer no alumnado o espírito crítico e rigoroso á hora de analizar informacións, practicar o diálogo argumentado, e adoptar criterios ben fundados á hora de tomar decisións individuais e colectivas. | 1-2 | | 4 | | 4-5 | | 3 | |
| OBX7 - Tomar conciencia da centralidade das preguntas metafísicas, ao apuntar directamente á cuestión radical do sentido último da realidade e do papel do ser humano dentro dela, reflexionando de maneira dialólica e crítica sobre o carácter perenne das preguntas sobre o universo e a natureza, sobre a vida e a morte, sobre o individuo e a historia, e o carácter histórico coas que foron e seguen a ser contestadas, para que o alumnado aprecie, valore e se sinta partícipe do esforzo humano por tentar dar un sentido racional á totalidade que o rodea e á súa mesma existencia. | 1 | | | | | | 3 | |
| OBX8 - Reflexionar e entender a liberdade humana e a súa relación coa vontade, incluíndo o seu tratamento ao longo da historia do pensamento e recoñecendo que está determinada desde varios niveis, para comprender que é condición da creatividade, tamén colaborativa, e para desenvolver desde esta última unha aproximación ao estudo sobre o que é a arte e a beleza. | 1-2-5 | 1 | | 1-2-3 | 3 | 1-3 | 1-3 | 1-2-3 |

Descripción:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descripción | % Peso materia | Nº sesión | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------|--------------------------|---|-----------------------|------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 1 | O saber filosófico | Introdución á orixe e fundamentos da filosofía | 5 | 5 | X | | |
| 2 | A persoa | Identidade persoal, de xénero e socio-cultural | 20 | 25 | X | | |
| 3 | Socialización | A sociabilidade do ser humano | 15 | 20 | X | | |
| 4 | Sociedade e estado | A relación do ser humano co estado e os seus retos actuais. | 15 | 15 | | X | |
| 5 | O pensamento | Introdución aos elementos esencias da teoría do coñecemento ou epistemoloxía | 20 | 15 | | X | |
| 6 | Realidade e metafísica | Introdución aos problemas filosóficos da ontoloxía e/ou metafísica. | 15 | 10 | | | X |
| 7 | Liberdade e creatividade | Introdución aos problemas filosóficos da ética, estética e da filosofía política. | 10 | 15 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 1 | O saber filosófico | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.2 - Coñecer a orixe da filosofía occidental distingúndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas. | Describe por escrito a orixe da filosofía | PE | 20 |
| CA1.1 - Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos e recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica. | Expresa de xeito oral / escrito o carácter radical da filosofía | | |
| CA1.3 - Adquirir un coñecemento significativo das más importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden. | Articula un ensaio crítico empregando e comparando conceptos filosóficos | TI | 80 |
| CA1.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, producción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios más tradicionais. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e fontes de información tanto dixital como medios más tradicionais | | |

| Criterios de evaluación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA1.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Busca e comparte información no producto final presentado na aula | | |
| CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta puntos de vista de xeito constructivo, respectuoso e democrático | | |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Introducción: radicalidade, problematicade e universalidade da filosofía. - A filosofía como saber crítico. - Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico. - A función da filosofía no contexto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais. - O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis. - Breve síntese das grandes épocas da filosofías. - O papel da muller na cultura e na filosofía. - O pensamento galego. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2 | A persoa | 25 |

| Criterios de evaluación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.1 - Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a heranza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos, e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron. | Articula un comentario crítico emplegando e analizando ao menos dúas das teorías da personalidade | PE | 30 |
| CA2.5 - Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas más representativas de dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento. | Debate con argumentos sobre as diversas posturas filosóficas sobre o ser humano | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.2 - Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC. | Explicar de xeito oral / escrito os dilemas fundamentais da filosofía da mente | | |
| CA2.3 - Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas. | Recoñecer os elementos e teorías da motivación humana | | |
| CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta. | Describir oral ou por escrito os factores determinantes da personalidade humana | | |
| CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, producción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios más tradicionais. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas individuais e en grupo | TI | 70 |
| CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e por escrito ás súas aportacións. | | |
| CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas dun xeito repectuoso e argumentativo | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica. - A personalidade. - Teorías e tipos de personalidade. - O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade. - Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista. - As emocións e a afectividade. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3 | Socialización | 20 |

| Criterios de evaluación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula | PE | 50 |
| CA3.1 - Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen ao ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de cultura e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural. | Comprender e reformular textos sobre a liberdade nun comentario crítico | TI | 50 |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

| Contidos | | | |
|--|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Natureza e cultura no ser humano. - O ser humano como ser social. - Elementos e axentes da socialización. - O proceso de socialización de xénero. | | | |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4 | Sociedade e estado | 15 |

| Criterios de evaluación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, evaluación, producción e comunicación desta., tanto dixitalmente como a través de medios más tradicionais. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula | PE | 30 |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións aos mesmos. | Debate con argumentos sobre as diversas posturas filosóficas | TI | 70 |
| CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula | | |
| CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Comprender e reformular textos sobre a liberdade nun comentario crítico | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Sociedade e estado. - Teorías sobre a orixe da sociedade. - Teorías sobre a formación do estado. - Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI. | |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5 | O pensamento | 15 |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas componentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións. | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (racionalidade / irracionalidade) | PE | 60 |
| CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses más importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez, e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución. | Comprender e reformular textos sobre o problema e o proceso do coñecemento nun comentario crítico | | |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, producción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios más tradicionais. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula | | |
| CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacóns. | Elabora un comentario de texto analizando comparativa, argumentativa e críticamente teorías sobre a verdade | | |
| CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula | TI | 40 |
| CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito constructivo e argumenta oralmente e por escrito as súas aportacións | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A racionalidade humana. Coñecemento e acción. - Teorías do coñecemento. - A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas. - O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. - A verdade. Características e valor da verdade. - Teorías da verdade. | |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|------------------------|-----------------|
| 6 | Realidade e metafísica | 10 |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|-------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA5.1 - Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que componen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical". | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (realidade / nada) | | |
| CA5.2 - Comprender e coñecer algunas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que se derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia. | Comprender e reformular textos sobre a orixe e finalidade da realidade nun comentario crítico | PE | 60 |
| CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgúns teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico, e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas. | Expoñer oralmente ou por escrito teorías contrapostas sobre o sentido da existencia | | |
| CA5.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, producción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios más tradicionais. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula | | |
| CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Elaborar individualmente e/ou en grupo unha presentación dun traballo seguindo as indicacións da taboo de indicadores | TI | 40 |
| CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito constructivo e argumenta oralmente e por escrito as súas aportacións | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A metafísica e a pregunta polo ser das cousas. - Cosmoloxía e filosofía da natureza. - A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos. - Determinismo e indeterminismo físicos. - O sentido da existencia humana. |

Contidos

- A vida e a morte como problemas metafísicos.
- O lugar do ser humano no mundo.
- O sentido da historia.

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--------------------------|-----------------|
| 7 | Liberdade e creatividade | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA6.3 - Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda a beleza, o proceso creativo e a producción artística. | Comprender e reformular textos sobre a beleza e a arte nun comentario crítico | PE | 15 |
| CA6.1 - Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío, ou a liberdade interior, en relación coa facultade da vontade, coa autonomía, e coa responsabilidade persoais, reflexionando ao mesmo tempo sobre a existencia do determinismo, e analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre. | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (liberdade / determinismo) | | |
| CA6.2 - Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento. | Comprender e reformular textos sobre a liberdade nun comentario crítico | | |
| CA6.4 - Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana. | Analiza oralmente ou/e por escrito os factores da creatividade artística | | |
| CA6.5 - Entender a capacidade humana da creatividade como un proceso de innovación e de asunción de riscos, en relación coa imaxinación, estudiando as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade, e apreciando a importancia da colaboración creativa. | Investigar e presentar oralmente ou/e por escrito o proceso creativo na figura dunha artista viva galega contemporánea | TI | 85 |
| CA6.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, producción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios más tradicionais. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas de aula | | |
| CA6.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Elabora oralmente ou/e por escrito unha presentación seguindo as pautas da taboa de indicadores | | |

| Criterios de avaliação | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA6.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito constructivo e argumenta oralmente ou/e por escrito as súas aportacións | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A liberdade e o libre arbitrio: vontade, autonomía e responsabilidade. Posturas filosóficas sobre a liberdade de acción. - Determinismo e liberdade. - Liberdade e creatividade: a liberdade como condición da creatividade. - A arte e a procura da beleza. - A creatividade humana: imaxinación, innovación e asunción de riscos. - Técnicas e fases do proceso creativo. - Creación colaborativa. |

4.1. Concreciones metodolóxicas

A materia de filosofía en 4º da ESO ten un carácter lúdico, práctico e crítico. Práctico dado que coa adquisición das ferramentas propias da disciplina se busca contribuir a unha comprensión activa das grandes cuestións que a humanidade se leva plantexando dende sempre. Neste sentido e como materia optativa se orientara nun sentido lúdico e entretido, buscando adquirir unha perspectiva crítica aos grandes problemas contemporaneos.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en cursos anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións sometidas a elaboración, análise ou debate
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavalaiación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instruccións de traballo, resultados materiais e formais, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Apuntamentos do profesor |
| Libros e materias de lectura |
| Ordenador, proxector, son e conexión internet |
| Aula virtual da materia. |
| Dossier filosófico |

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido. Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos ou o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas.

Os apuntamentos do profesor servirán de base ao traballo da materia. Os libros e materias de lectura (artigos) se utilizaran para afianzar conceptos, ofrecer exemplos e ofertar lecturas adicionais ou voluntarias. O dossier servirá de repositorio que irá elaborando o alumnado ao longo do curso

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Proba escrita inicial que consistirá na lectura dun texto básico de filosofía con cuestións e un comentario crítico. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos.

Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Permirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos rascos específicos e individuais do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-------------------------------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 5 | 20 | 15 | 15 | 20 | 15 | 10 | 100 |
| Proba escrita | 20 | 30 | 50 | 30 | 60 | 60 | 15 | 42 |
| Táboa de indicadores | 80 | 70 | 50 | 70 | 40 | 40 | 85 | 58 |

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- As probas escritas, suporán o 50 % da cualificación global. Haberá únicamente unha proba escrita por trimestre.
- Traballo positivo na aula 10% Participación en debates, aportación de ideas e realización de actividades varias.
- Proxectos orais 20%: Un primeiro de xeito grupal en forma de disertación filosófica. E un segundo de xeito

individual no que o alumnado deberá expoñer brevemente un tema previamente adxudicado na clase.

4. Proxectos escritos 20%: Un primeiro poderá versar sobre o traballo dun libro, film ou serie, coa que se deberá reflexionar a nivel filosófico, aplicando os contidos tratados na aula. E outro, de índole persoal e creativa, unha creación fotográfica que deberá ir acompañada dunha explicación da mesma.

5. As actividades voluntarias servirán para redondear ou/subir a nota (0,5 puntos máximo).

Todos estes criterios serán avaliados mediante rúbrica con indicadores claros diferenciados, comprensibles e traballados na aula co o alumnado. Os proxectos que consten non entregados ou entregados fóra de plazo serán traducidos nun cero nese apartado da avaliación.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

Á nota de cada avaliación se lle aplican as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou superior se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4).

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunha serie de exercicios xunto coa preparación dunha serie de preguntas exame sobre ditos contidos.

Así, a recuperación constaría de dous momentos:

1. Plan de recuperación por avaliación: O alumnado deberá entregar as tarefas que lle encargue a profesora (supoñendo un 50% da nota) e realizará unha proba escrita (50% da nota).

2. Se este plan de recuperación non fora suficiente para superar a materia, existe a posibilidade dunha recuperación final en xuño. Co mesmo esquema anterior de tarefas (50%) e proba escrita (50%) esta vez sobre os contidos das avaliacións non superadas.

Novamente, a cualificación deberá ser 5 ou superior (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicárselle o establecido para as avaliacións. Levarase a cabo un redondeo e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis. Concretamos que a construcción da nota da avaliación a recuperar establecécese cos instrumentos da recuperación. Todo o traballo será titorizado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolverán as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do currículum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenças en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

1) Adapación da xestión da aula as características concretas da aual, favorenzo o acceso aos recursos e a convicencia.

2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, disponibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requirán modificacións significativas do currículum ou supoñan unha modificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao currículum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que ai barreiras significativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa lingua e/ou comunicación, descoñecemento da(s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimiento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión. En colaboración co titor e o departamento de orientación se fará unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliação promoverase o uso de instrumentos de avaliação variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliação se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporánse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporánse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoyo Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliação, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian más aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceránse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.6 - Educacion emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

A materia de filosofía é un instrumentos clave na consecución dos elementos tranversais recollidos na lexislación. Ao prover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democáticos, respectuosos coa diversidades e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será a clave.

A filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitaiis e alfabetización no uso de buscadores en internet sern outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descripción | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------|---|----------|----------|----------|
| Teatro | Actividades teatrais como forma de aplicación filosófica. | X | X | X |

Observacións:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |

| |
|--|
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo. |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas |
| 10. Adecuación do desenvolvemento dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado |
| Metodoloxía empregada |
| 5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados |
| 6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| 9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 3. O desenvolvimento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| 4. Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| 7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación |

Descripción:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento. Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvimento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados